



MARATÓN
FOTOGRAFICO.
XXV
EXPOSICIÓN

DO **18** DE NOVEM-
AO **23** DE XANEI-
RO

Do 18 de novembro de 2021
ao 23 de xaneiro de 2022

 AGRUPACIÓN
FOTOGRAFICA
GALEGA

Casa Galega da Cultura

CONCELLO
DE VIGO



EXPOSICIÓN - MARATÓN FOTOGRÁFICO XXV

COS TEMAS:

SOSTIBLE · ILUMINADO · ABRAIADO · ABISMO



ABISMO - 750 -

Marlene Vanesa Rodríguez Romero

Fai 25 anos que a AFG organizou o seu primeiro Maratón, para esa ocasión a participación estaba reservada exclusivamente para socios da AFG. Pero dado o éxito e boa acollida por afeccionados a fotografía e profesionais que apoiaron a actividade, fomos quen de abrir esta actividade a todos os que quixeran participar. Cinco anos despois levamos esta actividade como proposta a Concellería de Cultura do Concello de Vigo, e axiña foi apoiada pola Concelleira.

A mecánica do Maratón é sinxela e pese a algúns cambios case non variou dende os seus inicios. Catro temas sobre os que fotografar, que as fotos se fagan dentro dos límites do Concello de Vigo e 24 horas de tempo. Tras a inscrición, que se pode facer previamente a través da web da AFG, os participantes acoden ao control de saída, alí se confirman os datos, se entrega unha camiseta conmemorativa e danse os temas. A entrega faise por email ou utilizando algunha plataforma para enviar a colección.

ILUMINADO - 715 -
Manuela Mateo-Morales





ABRAIADO - 827 - Nicolás González Pérez

Nesta edición sumamos unha modalidade nova, o Maratón Fotográfico Virtual, que conta co apoio da Deputación de Pontevedra. Funciona igual que o maratón presencial, pero coa diferenza que neste pódese participar dende calquera lugar do mundo.

Tras o proceso de selección, reúnese un xurado de selección, persoas que dende a súa visión de fotografías, deseñadores gráficos ou videógrafos, encárganse de escoller as mellores series. Búscase orixinalidade e coherencia entre as 4 imaxes sen descoidar a técnica.

Tras algunhas horas de visionado seleccionan as gañadoras ou gañadores dos diferentes premios.

SOSTIBLE - 717 - Roberto Alarcón Pérez



Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2 . Vigo

Do 18 de novembro de 2021 ao 23 de xaneiro de 2022

Luns e venres: de 18:00 a 21:00h

Sábados: de 12:00 a 14:00h. e de de 18:00 a 21:00h.

Domingos e festivos: de 12:00h a 14:00h

